



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARES

*Anuncio información pública. Aprobación definitiva da normativa de uso das redes sociais institucionais do Concello de Ares*

#### ANUNCIO INFORMACIÓN PÚBLICA.

#### APROBACIÓN DEFINITIVA DA NORMATIVA DE USO DAS REDES SOCIAIS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE ARES.

Aprobada Inicialmente na sesión Plenaria ordinaria de data 24 de novembro do 2025 a NORMATIVA DE USO DAS REDES SOCIAIS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE ARES e sometida a información pública no BOP nº236 de data 10 de decembro do 2025 polo prazo de 30 días, sen terse presentado alegacións, elévase automaticamente a definitivo o acordo inicial, e segundo o disposto, publícase a continuación o texto íntegro da mesma aos efectos oportunos:

Ares, 30 de xaneiro do 2026

O Alcalde-Presidente

Asdo: Julio Ignacio Iglesias Redondo

#### “Normativa de uso das redes sociais institucionais

As contas de Facebook, Instagram, Youtube e X do Concello de Ares presentan un carácter institucional e destínanse á transmisión de contidos informativos vencellados coa administración local para todo aquel usuario/a interesado na súa actividade. Os perfís nestas redes sociais (RRSS) actúan como unha ferramenta de comunicación directa coa veciñanza, permiten difundir as actividades culturais, deportivas, educativas ou sociais do Concello e dotan á cidadanía dunha canle para opinar, comentar e participar.

Con todo, as redes sociais do Concello de Ares están suxeitas a unha normativa básica de participación que garanta a calidade do debate público e o respecto mutuo, tomando como base premisas de comportamento cívico tales como:

- Empregar sempre unha linguaxe educada, non permitíndose ningún tipo de agresión verbal entre usuarios ou contra a institución.
- Respetar en todo momento e circunstancia a privacidade dos demais usuarios, o que conleva non vulnerar dereitos de terceiros/as no tocante á difusión de imaxes, datos persoais ou outra información sensible.

Ademais, o equipo xestor das redes sociais institucionais resérvase o dereito para eliminar e/ou reportar as actuacións que se consideren inadecuadas por parte dos usuarios/as, así como bloquear a aqueles que:

- Actúen baixo un perfil falso que impide o seu recoñecemento como usuarios reais, debidamente identificados.
- Publiquen mensaxes discriminatorias, abusivas, que promovan o odio ou teñan como obxecto final a difamación ou vexación.
- Insulten, ameacen ou empreguen unha linguaxe ofensiva en calquera das súas formas.
- Inclúan ligazóns a páxinas que conteñan contido dañino ou perigoso para outros usuarios.
- Fagan SPAM masivo ou publicidade doutras marcas, produtos ou servizos.
- Difundan datos persoais ou vulneren dereitos de terceiros/as.
- Realicen reiteracións ou comentarios repetidos, sen ningún tipo de relación co contido da publicación.

Esta normativa, así como a moderación das mensaxes e comentarios, estará vixente en todo contido publicado polo Concello de Ares nos seus perfís institucionais.”

2026/557